
 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	2010	PE 410A 2010/11-1
<b>Entidade</b>	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE CAMELLE, CORME, LAXE E MALPICA	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	POLIQUETOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PE, MERGULLO EN APNEA E SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

<b>Especies</b>	<i>Lumbrineris impatiens</i>
<b>Ámbito do plan</b>	Ámbitos das confrarias de Camelle, Corme, Laxe e Malpica
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona A: praias do ámbito territorial da confraría de Camelle Zona B: praias do ámbito territorial da confraría de Laxe, agás a praia de Laxe Zona C: praias do ámbito territorial da confraría de Corme, agás a praia do Osmo Zona D: praias do ámbito territorial da confraría de Malpica, agás as Lagoas de Baldaio e as Illas Sisargas

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
8 +1	14	21
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Non</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
-	-	-

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>	120 (do 16 de marzo ao 29 de outubro)											
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: A Pé</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
		X	X	X	X	X	X	X	X			
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
		X	X	X	X	X	X	X	X			

Topes de captura <sup>(6)</sup>		
<b>Especies</b>	<b>A pé (indiv/mariscador/día)</b>	<b>Embarcacións (indiv/mergullador/día)</b>
<i>Lumbrineris impatiens</i>	800	800

<b>Artes a empregar</b>	A pé: sachos, pa ou forquita. Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie.
-------------------------	--

<b>Puntos de control</b>	Peiraos de Corme, Camelle, Malpica e Laxe
<b>Puntos de venda</b>	Puntos de venda autorizados



## Outras consideracións

**Ambito do plan:** O ámbito de traballo deste plan abrangue o ámbito territorial das catro confrarías participantes:

- Zona A: ámbito territorial da confraría de Camelle, de Punta Gallada a Punta Morelo.
- Zona B: ámbito territorial da confraría de Laxe, de Punta Morelo a desembocadura do río Anllóns, agás a praia de Laxe.
- Zona C: ámbito territorial da confraría de Corme, de desembocadura do Río Anllóns a Punta Queimada, agás a praia do Osmo.
- Zona D: ámbito territorial da confraría de Malpica, de Pedra do Sal a Pta. Queimada, agás as Lagoas de Baldaio e as Illas Sisargas.

Quedan excluídas como zonas de traballo:

- A zona das lagoas de Baldaio por existir xa aprobado un plan de poliuetos (*Arenicola marina*),
- as Illas Sisargas por estar incluídas na Rede Natura, e
- as praias de Laxe e do Osmo para evitar interferencias co plan de explotación aprobado para o recurso específico navalla e longueirón.

**Participantes:** Inclúe o listado das 10 persoas autorizadas para a extracción deste recurso na modalidade de a pé pero segundo datos da Consellería do Mar son 8 persoas asociadas á confraría de Malpica, así como das 14 embarcacións, con 14 mergulladores enrolados, do total de 21 cotas que teñen concedidas.

Neste plan solicítase o recoñecemento de dous cupos ás embarcacións ..... e ....., e de tres cupos á embarcación ....., baseándose en que os tiñan recoñecidos con anterioridade ao ano 2006. Segundo a información que consta nesta Consellería e na documentación aportada anexa ao plan presentado, a embarcación ..... non tivo nunca máis que un mergullador autorizado. As outras dúas embarcacións si tiveron nalgún intre, namentres o plan foi experimental, recoñecidos 2 cupos, aínda que xa dende o 2006 ficaron con 1. Non ten senso solicitar tres anos máis tarde o recoñecemento deste cupo que, en todo caso, habería que tramitar como unha ampliación por supor un incremento do esforzo a aplicar sobre este recurso xa que o tope de captura neste plan ven fixado por mergullador e día.

(\*) O departamento territorial da Coruña fixo unha revisión de toda a información dispoñible e dos antecedentes históricos de todas e cada unha das embarcacións incluídas neste plan de explotación dende o ano 2004 ata a actualidade. O resultado desta revisión foi enviado a todas as entidades participantes no plan co obxecto de que presentasen alegacións á proposta remitida, non sendo recibida reclamación algunha. Polo tanto, cómpre subsanar os erros detectados e que afectan ás seguintes embarcacións que quedarían do seguinte xeito: ..... (2 mergulladores); ..... (2 mergulladores); ..... (1 mergullador).

**Ampliación:** Non se aproba a proposta de ampliación do número de embarcacións en 2 cunha cota cada unha, nin de 8 novas cotas a distribuír entre as embarcacións que contan con este recurso no seu permex. No plan de explotación presentado por esta entidade para o ano 2009, aprobouse a incorporación de 4 embarcacións e 5 mergulladores habilitados, que finalmente se resolveu coa incorporación de 5 embarcacións con 5 mergulladores habilitados. Así mesmo, aprobouse cubrir unha vacante de a pé, estando pendente o inicio do proceso para a súa



concesión. Esta recente ampliación aconsella actuar con cautela á hora de aprobar novos incrementos do esforzo a aplicar sobre estes recursos sen avaliar primeiro a incidencia das últimas incorporacións.

**Días máximos de extracción:** Tendo en conta a evolución do plan de explotación durante o ano 2009, considérase conveniente reducir o número máximo de días autorizados a 120 días

**Cotas máximas de captura:** Na modalidade de mergullo dende embarcación, o tope de captura queda establecido por **mergullador con dereito a cota enrolado, a bordo e día.**

**Modalidade de extracción:** Neste plan se establece que "cando por mal tempo as embarcacións non podan saír ao mar, os mergulladores poderán acceder a pé ás praias e traballar en apnea". Non se acepta esta proposta por ser contraria á lexislación vixente. Un mergullador enrolado nunha embarcación incluída no plan non posúe título habilitante algún para a recolección deste recurso, senón que é a embarcación a que ten este recurso como arte no seu permex.

**Xestión da explotación:** O plan inclúe o listado dos 4 membros da comisión xestora –1 representante de cada confraría- aínda que non define as funcións deste organismo nin a súa relación coa confraría designada para a xestión administrativa do plan nin co resto dos participantes. Deberán indicar as normas de funcionamento da comisión xestora: convocatorias e periodicidade das reunións, toma de acordos. Esta comisión será a encargada de organizar e xestionar a extracción e comercialización, así como a responsable do seguimento do plan.

**Remisión de datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación ao Departamento Territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Mergullo:** Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

**Plan de seguridade:** Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2010.**